



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

AON
Empower Results®

Allianz

2026

REGULAMENTO XERAL DO CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS-RALLYCROSS 2026



FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

- ARTIGO 1: CONDICIÓN XERAIS DO CAMPIONATO.**
- ARTIGO 2: ASPIRANTES.**
- ARTIGO 3: VEHÍCULOS ADMITIDOS E PNEUMÁTICOS.**
- ARTIGO 4 : DEREITOS DE INSCRIPCIÓN,TROFEOS E PUBLICIDADE.**
- ARTIGO 5: ATRIBUCIÓN DE PUNTOS**
- ARTIGO 6: CLASIFICACIÓN DO CAMPIONATO**
- ARTIGO 7: REGULAMENTO PARTICULAR**
- ARTIGO 8: OFICIAIS**
- ARTIGO 9: INSCRIPCIÓN E NÚMERO DE EQUIPOS.**
- ARTIGO 10: SEGUROS.**
- ARTIGO 11: VERIFICACIÓN.**
- ARTIGO 12: ORDE DE SAÍDA / DESIGNACIÓN DE NÚMEROS.**
- ARTIGO 13: DESENROLO DA PROBA**
- ARTIGO 14: NORMAS A CUMPRIR POLOS EQUIPOS**
- ARTIGO 15: SANCIÓN.**
- ARTIGO 16: RECLAMACIÓN E APELACIÓN.**
- ARTIGO 17: SEÑALIZACIÓN.**
- ARTIGO 18: ACTAS.**
- ARTIGO 19: ORGANIZACIÓN-INSTALACIÓN.**

ANEXOS:

- ANEXO 1: INFORME.**
- ANEXO 2: PENALIZACIÓN.**
- ANEXO 3: REGULAMENTO PARTICULAR.**
- ANEXO 4: REGULAMENTO TÉCNICO CLASE 1 TURISMOS.**
- ANEXO 5: REGULAMENTO TÉCNICO CLASE 2 TURISMOS.**
- ANEXO 6: REGULAMENTO TÉCNICO CLASE 3 CARCROSS.**
- ANEXO 7: REGULAMENTO TÉCNICO CLASE 4 GRUPO P.**
- ANEXO 8: REGULAMENTO TÉCNICO CLASE 5 CARCROSS JR.**
- ANEXO 9: REGULAMENTO TÉCNICO CLASE 6 SUPERBUGGY-BUGGY 1600.**
- ANEXO 10: COMPLEMENTO OFICIAIS**

ARTIGO 1: CONDICIÓN XERAIS DO CAMPIONATO.

- 1.1 A Federación Galega de Automobilismo establece para o ano 2026, os seguintes Campionatos e Copas de Galicia de Autocross-Rallycross:

CAMPIONATOS E COPAS CONVOCADOS NO CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS-RALLYCROSS	
CAMPIONATOS E COPAS CONVOCADOS	VEHÍCULOS ADMITIDOS
Campionato de Galicia Clase I (-2000 c.c.)	Vehículos -2000 c.c. de estrita serie
Campionato de Galicia Clase II	Vehículos de -1600 c.c. e de +1600 c.c.
Campionato de Galicia Clase III	Vehículos Carcross
Campionato de Galicia Clase IV	Vehículos Grupo P
Campionato de Galicia Clase V	Vehículos Junior Carcross
Campionato de Galicia Clase VI	Vehículos SuperBuggy e Buggy 1600 c.c.
Campionato de Galicia Clase VII	Vehículos Tracción traseira
Copa MRF Carcross (integrado na Clase III)	Vehículos Carcross
Copa MRF Junior Carcross (integrado na Clase V)	Vehículos Junior Carcross
Criterium de Galicia Clase I para menores de 24 anos (inclusive)	Vehículos 2000 c.c. de estrita serie
Campionato de Escuderías	

- 1.2 A FGA organiza o Campionato de Galicia de Autocross-Rallycross do que é propietaria. Os regulamentos aplicables a dita competición serán os seguintes:
- As Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia desta tempada.
 - O presente Regulamento Xeral e seus Anexos.
 - O Regulamento Particular da proba.
 - O C.D.I. con carácter prioritario nos aspecto xerais de procedemento, reclamacións e apelacións.
- 1.3 Só a FGA pode acordar cambios sobre o presente Regulamento Xeral, e ademais será a que tome unha decisión no caso de diverxencias na interpretación do mesmo. Todo o que non está expresamente autorizado nos ~~presente regulamento~~ ~~está~~ regulamentos mencionados no art. 1.2 estará prohibido.
- 1.4 O Director da Carreira é responsable da aplicación do presente Regulamento e do Regulamento Particular da proba durante todo o desenrolo da mesma, excepto nos casos indicados de competencia exclusiva dos Comisarios Deportivos, nos que lles deberá dar traslado mediante o informe pertinente para que poidan actuar.
- 1.5 Admítense circuitos de Rallycross no Campionato de Galicia de Autocross-Rallycross.
- 1.6 As probas puntuables serán as publicadas no Calendario de Probas da FGA dentro do apartado Campionato de Galicia de Autocross-Rallycross. Se unha proba do campionato non se celebra, non será inscrito no campionato do ano seguinte, salvo causa de forza maior recoñecida pola FGA. As probas serán as que recollan mellor puntuación nos informes da FGA na tempada anterior, e teña ó día os pagos coa FGA e os premios dos participantes das súas probas, cunha antelación de 7 días á celebración da asemblea de datas.

- 1.7 As probas que procedan doutro Campionato ou se fagan por primeira vez e queiran optar a entrada no Campionato, deberán facer unha preinspección a FGA, e pagar os dereitos de Calendario. A FGA poderá mandar os oficiais que considere oportuno para poder avaliar a proba.

ARTIGO 2: ASPIRANTES.

- 2.1 Todos os concursantes para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ao disposto no Anexo I publicado sobre o Regulamento de Licencias da Federación Galega de Automobilismo.
- 2.2 Todos os pilotos para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ao disposto no Anexo I publicado sobre o Regulamento de Licencias da Federación Galega de Automobilismo.
- 2.3 Cadro de licenzas admitidas:

CAMPIONATOS E COPAS CONVOCADOS NO CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS-RALLYCROSS	
CLASE I, CLASE II, CLASE III, CLASE IV e CLASE VI	
TIPO DE LICENZA	DEF
PILOTO GRADO A	PA
PILOTO GRADO B	PB
CLASE V	
TIPO DE LICENZA	DEF
PILOTO GRADO A	PA
PILOTO GRADO B	PB
PILOTO GRADO C CIRCUITOS	PC/C
PILOTO GRADO D CIRCUITOS	PD/C

- 2.4 Os equipos que participen na Clase V, está reservada a todos os pilotos con licenza indicada no art. 2.3. e cunha idade mínima entre os 13 anos e os 17 anos cumpridos ó longo da tempada. Ó piloto que resulte vencedor deste Campionato, poderá seguir participando nos vindeiros anos sempre e cando cumpra a condición de idades definida anteriormente e o indicado no art. 2.3. Ó piloto da Clase V que participe na Clase III, non poderá volver a participar nesa tempada na Clase V.
- 2.5 Os equipos que participen no resto de Clases, está reservada a todos os pilotos con licenza indicada no art. 2.3. e cunha idade de 16 anos cumpridos o longo da tempada.

ARTIGO 3: VEHÍCULOS ADMITIDOS E PNEUMÁTICOS.

- 3.1 Os vehículos admitidos deben ser conformes ao establecido nos Anexos Regulamento Técnico de cada Clase.

VEHÍCULOS ADMITIDOS CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS-RALLYCROSS			
CLASE	GRUPO	DESIGNACIÓN	REGULAMENTO
CLASE I	Turismos de serie	Series	FIA – Art. 254 – Anexo J – FGA
CLASE II	Turismos	Turismos	FIA – Art. 254 – Anexo J – FGA

REGULAMENTO XERAL DO CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS-RALLYCROSS 2026

CLASE III	FIA Carcross	FC	FIA – Art. 279 B
	Carcross	CC	RFEDA – Anexo 9 – FGA
CLASE IV	Superturismos	SCC	FIA – Art. 254/255/255A – Anexo J - FGA.RFEDA – Anexo 9 – Nacional E1-E2
CLASE V	Junior Carcross	JR CC	FGA
	Junior FIA		FIA – Art. 279 B
CLASE VI	Super Buggy Buggy 1600 cc	SPB B 1600	FIA – Art. 279 A – Anexo J (2021)
CLASE VII	Tracción Traseira	TT	FGA – Rallymix Agrupación VI

3.2 **PNEUMÁTICOS CLASE I e CLASE II:** estas condicións son, sendo Kumho proveedor único de pneumáticos nas dúas clases de turismos, composto K71 MEDIO modelo R800 composto K71 MEDIO:

~~1.- Desconto do 15% sobre tarifa actual.~~

2.- Premios finais, ós gañadores de cada Clase I e II, licenzas 2026 pagadas por ASR Tyres, así como todas as inscricións nas probas nas que tomen parte dentro do Campionato de Galicia de Autocross-Rallycross 2026.

~~3.- Na primeira compra do ano teranse que mercar como mínimo 2 pneumáticos, só para que esta compra se Aplicarase desconto do 15% 20% na compra dos pneumáticos e se enviarán outros 2 pneumáticos sen cargo.~~

4.- A cada participante ASR Tyres enviará xunto coa primeira compra publicidade da marca.

5.- Durante 3 tempadas manterase os prezos dos pneumáticos publicados neste ano.

3.3 **PNEUMÁTICOS CLASE III e CLASE V:** serán obrigatorios da marca Goldspeed Amarelo ou MRF (válidos para as copas convocadas no art. 1.1).

- Non se autoriza o tallado dos pneumáticos.
- Non se autorizan os pneumáticos de tacos.

ARTIGO 4: DEREITOS DE INSCRICIÓN, TROFEOS E PUBLICIDADE.

4.1 Establécense para cada unha das probas puntuables, uns dereitos de inscrición de 105€, aceptando a publicidade do organizador, e dereitos dobres non aceptando a publicidade obrigatoria.

4.2 **Premios por proba:** A tenor dos resultados finais, dos Campionatos e Copas de Galicia de Autocross-Rallycross, concederanse os seguintes premios por proba: Trofeos os tres primeiros clasificados de cada Clase. A entrega de trofeos poderase facer farase ó finalizala Final de cada Clase ó termo da a proba.

4.2.1.- Premios metálicos económicos por proba: haberá un reparto de premios económicos en función dos vehículos autorizados a tomar a saída por Clase:

Vehículos autorizados a tomar a saída	Cantidade a repartir	Premios a repartir
Ata 5 pilotos autorizados	Só trofeo	Só trofeo
Dende 6 pilotos ata 9 (inclusive)	450€	1º 200€ - 2º 150€ - 3º 100€
Dende 10 pilotos ata 13 (inclusive)	670€	1º 240€ - 2º 200€ - 3º 130€ - 4º 100€
Dende 14 pilotos ata 17 (inclusive)	880€	1º 300€ - 2º 250€ - 3º 150€ - 4º 100€ - 5º 80€

REGULAMENTO XERAL DO CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS-RALLYCROSS 2026

Dende 18 pilotos ata 24 (inclusive)	1.110€	1º 350€ - 2º 250€ - 3º 150€ - 4º 110€ - 5º 90€ - 6º 80€ - 7º 70€
Dende 25 pilotos ata 29 (inclusive)	1.540€	1º 425€ - 2º 325€ - 3º 225€ - 4º 175€ - 5º 120€ - 6º 100€ - 7º 90€ - 8º 80€
Máis de 30 (inclusive)	2.020€	1º 500€ - 2º 400€ - 3º 300€ - 4º 250€ - 5º 200€ - 6º 150€ - 7º 120€ - 8º 100€

4.2.2.- O Organizador poderá optar por abonar os premios en metálico ao finalizar a proba ou mediante transferencia bancaria nun prazo máximo de 96 horas.

4.3 **PREMIOS FINAIS:** O final da tempada previo escrutinio dos resultados, outorgarase os seguintes galardóns ao Campión e Sub-Campión de cada Clase un Trofeo FGA, e ao campión da Campionato de Escuderías un Trofeo FGA.

4.4 **Publicidade obrigatoria:**

4.4.1 Para ter dereito de puntuar na Clase I e na Clase II será obrigatorio colocar o adhesivo indicado no art. 3.2.4.

4.4.2 Para ter dereito de puntuar na Copa MRF, tanto na convocada para Clase III como para a Clase V, será obrigatorio colocar os adhesivos tal e como indica o Regulamento da Copa, nas respectivas Clases.

4.4.3 Ó Competidor reservará os seguintes espazos para colocar a publicidade obrigatoria designada polo Organizador (comunicada no Regulamento Particular ou mediante Complemento):

- Clase III, Clase V, Clase VI: na parte dianteira reservarán un espazo de 40 x 8 cm.
- Clase I, Clase II, e Clase IV: na parte superior das portas dianteiras reservarán un espazo de 40 x 8 cm.

ARTIGO 5: ATRIBUCIÓN DE PUNTOS

5.1 Os puntos atribuídos a Clasificación Final serán os seguintes:

1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º	11º	12º	13º	14º	15º
24	21	18	16	15	14	13	12	11	10					
25	22	20	18	16	14	12	10	8	6	5	4	3	2	1

~~5.1.1 Outorgaráselle un punto, a partir do 11 inclusive, a todos os que finalicen a proba.~~

5.2 Para a clasificación acumulada de cada unha das mangas clasificatorias:

1º	2º	3º
3	2	1

1º	2º	3º	4º
4	3	2	1

5.3 Para o piloto que consiga o mellor tempo nos Adestramentos Oficiais (pole position):

1º
1

5.4 Atribución de puntos no caso de non disputarse a totalidade da proba:

- a) No caso de que só se realicen os Adestramentos Oficiais, só se repartirá o punto establecido no art. 5.3 do presente regulamento.
- b) No caso de que só se dispute ata a 1º Manga Clasificatoria (inclusive) repartíranse os puntos competidos e o 25 % dos puntos da táboa do art. 5.1 do presente regulamento.
- c) No caso de que só se dispute ata a 2º Manga Clasificatoria (inclusive) repartíranse os puntos competidos e o 50 % dos puntos da táboa do art. 5.1 do presente regulamento.
- d) No caso de que, os Comisarios Deportivos cancelen a 2º Manga Clasificatoria, previo informe de Director de Carreira co fin de garantir a disputa das Finais, e só se dispute a 1º Manga Clasificatoria e a Final A repartíranse unicamente os puntos competidos na carreira.

- 5.5 Clasificación Escuderías. Según regulamento xeral Campionato de Galicia de Escuderías.
- 5.6 A puntuación que emitirá, no informe, o Observador da FGA, será vinculante para as valoracións que a FGA realice da proba para os efectos que estime oportuno.
- 5.7 O participante que por calquera motivo sexa descalificado/~~excluído~~ da competición, perderá o dereito os puntos obtidos nas Mangas Clasificadoras e Finais, reclasificando os demais participantes.

ARTIGO 6: CLASIFICACIÓN DO CAMPIONATO

- 6.1 A Clasificación Final do Campionato de Galicia de Autocross-Rallycross será establecida entre aqueles pilotos que participasen como mínimo en catro probas.
- 6.2 A efectos do artigo 6.1 unha participación considérase o feito de toma-la saída, tendo que pasar as Verificacións Administrativas e Técnicas, e completar unha volta nos Adestramentos Oficiais.
- 6.3 A efectos do artigo 6.1 a ~~exclusión~~/descalificación dunha proba considérase como participación.
- 6.4 Resultados a reter:
- No caso de que se celebren 7 probas ou mais, descontaranse o peor resultado.
 - No caso de que se celebren 6 probas ou menos, non se descartará ningún resultado.
- 6.5 Se un participante non participa nunha proba a mesma poderase descontar para a clasificación final.
- 6.6 Se un participante foi descalificado nunha proba, a mesma non se poderá descontar para a Clasificación Final do Campionato e/ou Copa.
- 6.7 Nos casos de empate final entre dous ou máis participantes, a Clasificación do Campionato e Copas será decidida de acordo o artigo 19.3 das Prescricións Comúns da FGA para a temporada vixente.
- 6.8 Coeficientes:
- 6.8.1 A primeira carreira de cada circuíto terá un coeficiente multiplicador de 1.
- 6.8.2 A segunda carreira de cada circuíto, os puntos acadados, serán multiplicados polos seguintes coeficientes:
- 1º Carreira que repite terá un coeficiente multiplicador de 1.3.
 - 2º Carreira que repite terá un coeficiente multiplicador de 1.4.
 - 3º Carreira que repite terá un coeficiente multiplicador de 1.5.
- 6.9 O participante que acumule dúas ~~exclusiones~~/descalificacións da proba (da natureza que sexan) durante a tempada non poderá optar a ningún Campionato ou Copa convocadas no artigo 1.1.

ARTIGO 7: REGULAMENTO PARTICULAR.

- 7.1 O Regulamento Particular deberá axustarse ao modelo que figura no Anexo 3 e deberá estar conforme a todas as condición recollidas neste Regulamento Xeral.
- 7.2 O proxecto de Regulamento Particular deberá ser presentado polo Organizador na FGA ao menos 70 días antes da celebración da proba.
Nos 7 días posteriores á recepción do Regulamento Particular, a FGA comunicará ó Organizador as modificacións e correccións a implementar, previamente á súa aprobación. Unha vez implementadas a FGA procederá á súa aprobación.
O Regulamento Particular definitivo deberá ser publicado na web da FGA e polo Organizador da proba (no seu Taboleiro de anuncios virtual), alomenos dous meses antes do principio da proba.
- 7.3 Toda modificación ou disposición complementaria será comunicada mediante Complementos datados e numerados, que serán expostos no Taboleiro de anuncios virtual.

Todo Complemento difundido antes do comezo da Constitución do Colexio de Comisarios Deportivos, deberán recibir a aprobación da FGA. Unha vez constituído o CC.DD deberá ser aprobado polos Comisarios Deportivos.

ARTIGO 8: OFICIAIS

8.1 Ningunha Organización poderá incluír nos Cadros de Oficiais das súas probas a membros da Xunta Directiva, ou da Comisión Delegada sen haber obtido previamente permiso por escrito do Presidente da FGA.

8.2 Comisarios Deportivos:

8.2.1 Os Colexios de "Comisarios Deportivos", serán nomeados pola FGA para contrastala capacitación e unificalos criterios de actuación axeitados ás directrices da FGA. A FGA nomeará o Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos e o Organizador nomeará os outros 2 Comisarios Deportivos, tendo que elixir 1 deles da bolsa de Oficiais Inscritos na FGA. Deberase presentar un programa de reunións de Comisarios Deportivos á apertura das verificacións administrativas, debendo estar estes, constituídos en colexio permanente, e localizables en calquera momento, de forma que se poida convocar algún tipo de actuación. A FGA resérvase o dereito a nomear dous comisarios oíntes en prácticas.

8.2.2 A Federación estudiará propostas dos organizadores, así como do presidente do Colexio, por escrito e razoadas, da conveniencia de inclusión de Comisarios no cadro de oficiais de cada proba, que obrigatoriamente terán que ter licencia de tipo "CD", ou "DC".

8.2.3 Os Colexios de Comisarios terán que ter certificado de aceptación da FGA, para que o regulamento particular da proba poida ser aprobado a efectos administrativos é deportivos.

8.2.4 Os membros do Colexio de Comisarios Deportivos deberán figurar no Regulamento Particular da Proba co seu número de licencia. E imprescindible que o organizador achegue a FGA as aceptacións de cargo asinada polos Comisarios Deportivos nomeados. A FGA resérvase o dereito de nomear os Comisarios Deportivos para cada proba. No caso de producirse algunha baixa por causa de forza maior, quen ó substitúa deberá reunir as mesmas condicións e posuír idéntico tipo de licenza. O Presidente da entidade organizadora, o Director da Carreira e o Xefe de Seguridade Vial, deberán asinar os Regulamentos e os Permisos de Organización con aceptación de responsabilidades.

8.2.5 Deberan estar en comunicación co Director da Carreira e alo menos un debe encontrarse en Dirección de Carreira, co obxectivo de que poidan tomarse as accións adecuadas sen retraso.

8.2.6 Non poderán realizar funcións distintas as previstas no CDI.

8.2.7 Durante as reunións de Comisarios Deportivos poderán estar presentes as seguintes persoas:

- Director da Carreira.
- Delegados da FGA .
- Comisarios Oíntes.
- O Observador da FGA .
- O Secretario do Colexio.

Durante as deliberacións so poderán estar os Comisarios Deportivos, o Secretario do Colexio e os Oíntes que non poden botar.

8.2.8 Durante o desenrolo da proba, as reunións e decisións dos Comisarios Deportivos reflexaranse nos correspondentes documentos que deberan estar asinados, datados e numerados.

8.2.9 Os pilotos citados de calquera Clase, que sexan menores de 18 anos, deberán asistir as comparecencias co concursante e/ou representante legal do piloto.

8.2.10 O Presidente dos Comisarios Deportivos será o responsable de enviar a documentación a FGA.

8.3 Delegado Técnico e Comisarios Técnicos:

- 8.3.1 A FGA poderá nomear 1 Delegado Técnico en cada proba e exercera como Presidente dos Comisarios Técnicos coa titulación de "JOC".
- 8.3.2 A Organizador nomeará un Comisario Xefe coa cualificación e titulación "JOC". Os titulacións "JOC" serán solicitadas a FGA por escrito, e serán expedidas baseándose na capacitación e competencia demostrada en probas/anos anteriores, contrastadas pola Comisión Executiva da FGA presidida polo Presidente da FGA.
- 8.3.3 O Organizador designará na súa proba, previa aceptación da FGA 3 Comisarios Técnicos, debidamente licenciados e competentes, para o control de medidas de seguridade, precintaxe e verificacións dos turbos e pesaxe dos vehículos. Será tarefa tamén dos Comisarios Técnicos o control dos vehículos participantes en canto ó establecido anteriormente durante o transcurso da proba e despois da súa finalización, de acordo coa regulamentación vixente. Emitirán acta da súa tarefa os Comisarios Deportivos.
As organizacións terán que habilitar unhas instalacións axeitadas para o correcto desenvolvemento da labor dos Comisarios Técnicos.
- 8.3.4 O Delegado Técnico, poderá realizar verificacións de oficio en calquera momento da proba previa comunicación o Director da Carreira e o Colexio de Comisarios Deportivos.
- 8.4 **Observador/Delegado de Seguridade da FGA .**
- 8.4.1 A FGA poderá nomear Observador/Delegado para cada proba. O Observador/Delegado terá funcións executivas en materia de seguridade, e a supervisión total para posterior informe da FGA, tendo libre acceso a tódalas actuacións, tanto en Dirección de Carreira, Comisarios, Cronometradores, clasificacións, parques, e percorridos da proba, etc.
- 8.4.2 Os Observadores/ Delegado da FGA deberán comprobar, antes do comezo da saída, a existencia dunha póliza de seguro conforme coas prescricións comúns e de todos os permisos necesarios para a celebración da proba.
- 8.5 **Director da Carreira.**
- 8.5.1 Será o responsable de que a Proba se desenvolva de conformidade coa regulamentación vixente así como da súa aplicación.
- 8.5.2 Presentará os comisarios deportivos calquera proposta relativa a cambios do Programa Oficial, infraccións o reclamacións dun Concursante.
- 8.5.3 Cumprirá con todas as responsabilidades inherentes o cargo que se especifican no CDI.

ARTIGO 9: INSCRICIÓNS E NÚMERO DE EQUIPOS

- 9.1 As inscricións realizaranse obrigatoriamente a través da páxina web da FGA, co nome do piloto, nº transponder, Escudería, vehículo, categoría e número se ó ten asignado para á tempada, xunto co xustificante de pago.
- 9.2 Nunha mesma proba puntuable calquera piloto poderá participar en dúas Clases diferentes, sendo responsabilidade do piloto a compatibilidade do horario previsto.
- 9.3 Ao formalizar a solicitude de inscrición, o Concursante, así como todos os membros do seu Equipo, aceptan expresamente estar sometidos ao presente Regulamento e Anexos, as xurisdicións deportivas recoñecidas polo CDI e os seus Anexos, así como os Regulamentos que sexan aplicables no presente Regulamento.
- 9.4 O ~~club~~ Organizador resérvase o dereito de rexeitar ou limitar a inscrición dun ~~competidor~~ concursante debendo cumprir o establecido no art. 3.14 do CDI.

- 9.5 Os dereitos de inscrición serán reembolsados na súa totalidade a:
- a) Os competidores solicitantes na que a inscrición fose rexeitada (sen abono do seguro).
 - b) No caso de que a proba non se celebre.
 - c) En casos xustificados de forza maior acreditados aos Comisarios Deportivos.
- 9.6 O prazo de inscricións abrirá 30 días antes da data establecida para o peche de inscricións.
- 9.7 O prazo de inscricións pecharase cinco días (luns) antes do inicio da proba. Tres días antes (mércores) do inicio da proba, na web da FGA e o Organizador no Taboleiro de Anuncios virtual publicarán a lista de inscritos oficial aprobada pola FGA.
No caso de que o Organizador desexe publicar unha lista de inscritos provisional antes dos peche de inscrición, esta deberá ser enviada a FGA para a súa aprobación.
- 9.8 Si nunha categoría houberse unha inscrición con menos de 4 participantes, cunha antelación de 3 días o organizador poderá comunicar a FGA a anulación da devandita modalidade. A excepción da Clase V, que será constituída independentemente do número de inscritos.
No caso de que o organizador decida non anular a clase, os resultados non se terán en conta para a clasificación final do Campionato, entendéndose a proba como non disputada.

ARTIGO 10: SEGUROS

Será de aplicación o especificado no artigo 8 das Prescricións Comúns da FGA vixentes na tempada.

ARTIGO 11: VERIFICACIÓNS

- 11.1 Tódolos equipos deberán presentarse ao completo co seu vehículo ás verificacións Administrativas-Entrega de documentación e as Verificacións Técnicas. Non está permitida a inscrición de máis dun vehículo por piloto na mesma Clase. Os Comisarios Deportivos só poden autorizar a tomar a saída a un único vehículo por piloto nunha mesma Clase, non estando autorizados os vehículos reserva. Un mesmo vehículo non pode inscribirse/participar en máis dunha Clase.
- 11.2 Todo competidor que se presente ~~con atraso~~ fóra do horario establecido (a cada piloto asignaráselle unha hora para verificar) no Regulamento Particular e/ou Complemento para as Verificacións, tanto administrativas-entrega de documentación como técnicas, non estará autorizado a tomar a saída.
Por causas de forza maior (así entendidas polos Comisarios Deportivos e sempre que o competidor ou o piloto puidese xustificar plenamente a existencia de devandita causa e que o atraso fora notificado antes do peche das verificacións), poderá ser verificado ata 30 minutos despois da súa hora asignada, segundo o horario previsto no Regulamento Particular e/ou Complemento para a súa as verificacións. Neste caso será penalizado ~~cunha multa de 100€, que será remitida integralmente a F.G.A.~~ e non poderá realizar ~~os Adestramentos Libres~~ o Warm-up .
No caso de que o concursante/piloto no pida permiso ou non se lle conceda, poderá ser verificado ata 30 minutos despois da súa hora asignada, segundo o horario previsto no Regulamento Particular e/ou Complemento para a súa a verificación, sendo penalizado e non poderá realizar o Warm-up nin a primeira sesión de Adestramentos Oficiais, esta decisión non será susceptible de reclamación nin de apelación. Pasado devandito prazo non será autorizado a tomar a saída.
- 11.3 Nas Verificacións Administrativas-Entrega de documentación, verificarase o disposto no art. 11 das Prescricións Comúns da FGA vixentes.
- 11.4 Nas Verificacións Técnicas, verificarase o disposto no art. 11 das Prescricións Comúns da FGA vixentes, e en especial as medidas de seguridade esixidas.
- 11.5 Todos os equipos deberán someterse ás Verificacións Técnicas requiridas durante a celebración da proba.
- 11.6 En tódalas probas do Campionato de Galicia ~~realizaranse~~ poderán realizarse verificacións sobre a pesada dos vehículos, a proposta dos Comisarios Deportivos. No Regulamento Particular deberá especificarse o espazo para a localización báscula. En todo caso esta localización poderá variarse por

acordo do Colexio de Comisarios Deportivos. Condicións da pesada: Sen condutor a bordo, depósito de combustible vacío. Co aceite motor e líquido de refrixeración a nivel, depósito de limpiaparabrisas vacío. Queda terminantemente prohibido lastrar os vehículos, con chumbo, ou con calquera outro elemento que poida mermar a seguridade do piloto.

- 11.7 Non se admitirá a tomar a saída a aquel vehículo que non estea conforme co art. 3 do presente Regulamento, e/ou co Anexo ~~IV~~ Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross de cada Clase.

Ademais, os Comisarios Deportivos poderán, en calquera momento, non autorizar a saída dun vehículo nunha ~~proba~~ sesión, pola súa antigüidade, mal estado, modificacións non autorizadas ou calquera tipo de anomalía, que ao seu criterio non cumpran cas medidas de seguridade esixidas.

- 11.8 A zona habilitada para realizarse as Verificacións Técnicas debe estar operativa dende o inicio da proba.
- 11.9 Como norma xeral, as infraccións de carácter técnico cometidas terán as seguintes penalizacións:
- a) Nos Adestramentos Oficiais: anulación dos tempos conseguidos, considerándose que o piloto afectado non realizou a sesión.
 - b) Nas Mangas Clasificatorias: ~~exclusión da clasificatoria~~ descalificación da manga correspondente.
 - c) Nas Finais: descalificación da ~~Final~~ competición.

ARTIGO 12: ORDE DE SAÍDA / DESIGNACIÓN DE NÚMEROS

- 12.1 Os dez mellores clasificados de cada clase outorgaráselle o número de dorsal segundo a súa clasificación na edición do Campionato de Galicia de Autocross 2025.


Para pilotos que non se clasificasen na edición anterior, daráselle o número, atendendo a orde de inscrición e/ou o seguinte número dispoñible no momento da solicitude de inscrición.

- 12.2 Na primeira carreira que o piloto dispute da temporada faráselle entrega dos dorsais, debendo cada piloto repoñer ditos números no caso de ter que substituílo por arranxos de chapa ou outras razóns, pintando igual ó que se lle entregou, podendo solicitar a reposición a FGA cun custo de 20€.

- 12.3 **Nas Clases I, II e IV :** Obrigatoriramente os números irán nas portas dianteiras, sobre fondo negro, enmarcado con borde branco e cifras en amarelo fluorescente, non podendo recortar nin fraccionar o número cunhas medidas de 27 cm largo 27 cm de ancho .

Un terceiro número que irá no parabrisas lado esquerdo de 14 cm cos seguintes deseños:

- **Clase I:** sobre fondo negro e número branco.
- **Clase II, Clase IV:** sobre fondo negro e cifras en amarelo fluorescente.



- 12.4 **Na Clase III, V, e VI e ~~VII~~:** Obrigatoriramente os números irán no teito na parte superior do vehículo, sobre fondo negro, enmarcado con borde branco e cifras en amarelo fluorescente, non podendo recortar nin fraccionar o número cunhas medidas de 24 cm de largo e 24 cm de ancho.

Un terceiro número que irá no parabrisas lado esquerdo de 14 cm cos seguintes deseños:

- **Clase V:** sobre fondo negro e número branco.

- **Clase III e Clase VII:** sobre fondo negro e cifras en amarelo fluorescente.



- 12.5 A colocación incorrecta e/ou deseño incorrecto ao descrito nos art. 12.3 e 12.4 suporá a non autorización a tomar a saída.
- 12.6 Recoméndase que as organizacións dispoñan dos números suficientes, a maiores, para poñer nos vehículos ~~de carcross e turismos~~. de todas as Clases.
- 12.7 A perda dun número de competición, poderá ser motivo de ~~exclusión~~ descalificación da actividade correspondente se non se pode identificar ben o vehículo, e sempre a criterio dos Comisarios Deportivos.

ARTIGO 13: DESENROLO DA PROBA

13.1 Briefing de pilotos:

O organizador deberá prever un espazo para a realización do Briefing a realizar despois das verificacións e antes do ~~adestramentos oficiais~~ Warm-up. O Director da Carreira reunirá ós participantes co fin de impartir-las normas de condución, e observacións pertinentes, a maiores o Briefing poderá publicarse no Taboleiro de Avisos.

Deberán asistir tódolos pilotos inscritos na proba obrigatoriamente, e con control de asinamento, ~~se pena de exclusión dos adestramentos oficiais~~. A non asistencia suporá a non autorización a participar no Warm-up e na primeira sesión de Adestramentos Oficiais.

Os pilotos inscritos de calquera Clase, que sexan menores de 18 anos, deberán asistir ao Briefing co concursante e/ou representante legal do piloto.

13.2 Composición da competición:

13.2.1 Toda competición do Campionato de Galicia de Autocross-Rallycross constará dunha sesión de Warm-up, dúas sesión de Adestramentos Oficiais, dúas Mangas Clasificadoras e Finais B e A (según número de vehículos clasificados).

13.2.2 A vista da lista de inscritos e/ou autorizados, ó Director de Carreira poderá redistribuír, de acordo co presente regulamento, o número de Series a disputar, nas sesións de Warm-up, Adestramentos Oficiais e Mangas Clasificadoras, en cada Clase, cumprindo mínimo co seguinte:

Warm-up e Adestramentos Oficiais

Cada serie terá un mínimo de 5 e un máximo de 12 vehículo na grella á vez. ~~Clasificaranse para as clasificatorias os 45 mellores tempos de Adestramentos.~~

- a) Se hai 12 ou menos vehículos autorizados, realizarase unha soa serie.
- b) Se hai de 13 a 24 vehículos autorizados, realizaranse dúas series.
- c) Se hai de 25 a 36 vehículos autorizados, realizaranse tres series.

É así sucesivamente.

Mangas Clasificadoras

Cada serie terá un mínimo de 5 e un máximo de 15 vehículos na grella á vez.

- a) Se hai 15 ou menos vehículos autorizados, realizarase unha soa serie por Manga Clasificatoria.
- b) Se hai de 16 a 30 vehículos autorizados, realizaranse dúas series por Manga Clasificatoria.
- c) Se hai de 31 a 45 vehículos autorizados, realizaranse tres series por Manga Clasificatoria.

É así sucesivamente.

13.2.3 Os vehículos farán Warm-up, Adestramentos Oficiais, Mangas Clasificatorias e Finais separados por Clases.

13.2.4 Os Comisarios Deportivos, previo informe Dirección de Carreira e por causas de forza maior, poderán variar a composición da competición. (Variación de voltas, cancelar sesións, variación de hora e orde das sesións...).

13.3 Pregrellas de Saída:

A Pregrella de saída terá acceso limitados os pilotos e a un membro da asistencia por vehículo con acreditación do Organizador, que poderán traballar libremente no vehículo, incluso aporte de recambios, estando prohibido o refuelling.

No caso de que, un participante estando na Pregrella de Saída non poida poñer en marcha o seu vehículo polos seus propios medios, o membro da asistencia e os Oficiais estarán autorizados a empuxalo en poñelo en marcha. No caso de que o vehículo non poida poñerse en marcha, este será retirado da zona de Pregrella de Saída. O piloto poderá volver a Pregrella de Saída sempre e cando a Grella de Saída non estea pechada.

13.4 Grellas de Saída:

13.4.1 As Grellas de Saída no Warm-up e nos Adestramentos Libres e Oficiais terán unha composición de 4-4-4.

13.4.2 As Grellas de Saída nas Mangas Clasificatorias e Finais terán unha composición de 3-2-3-2-3-2, a separación entre vehículos será de 6 a 8 m entre cada liña. Non se poden colocar en paralelo no sentido lonxitudinal os vehículos.

13.4.3 Os participantes estarán na Pregrella de Saída preparados para acceder a Grella de Saída, que abrírase cando a serie anterior teña completado 3 voltas. Todo participante que non se presente no momento da apertura da Grella de Saída perderá o seu dereito a situarse na súa posición da Grella, saíndo dende o último lugar da Grella de Saída, e o seu posto na Grella non será ocupado.

En tódalas Grellas de Saída das Mangas Clasificatorias e Finais, o piloto mellor clasificado escollerá a "Pole Position". O clasificado no segundo lugar, poderá escoller unha das dúas prazas restantes nesa fila. Na 2ª e sucesivas filas o piloto mellor posicionado e no seu caso o 2º mellor posicionado poderán escoller posición nesa fila. Nunca será posible cambiar de fila.

No caso de que un piloto con dereito a escoller posición non se presente ó seu debido momento na Grella de Saída, perderá ese dereito, debéndose situarse ~~no lugar que quede dispoñible~~ no final da Grella de Saída. ~~Isto será válido só para a primeira liña: o resto da Grella colocárase coa "pole" no lado da primeira curva.~~

Se unha vez confeccionada a Grella de Saída procédese ao regado de pista os pilotos da primeira fila con dereito a escoller posición poderán solicitar un novo cambio das súas posicións, sempre que a petición se realice antes comezar o procedemento de saída (no caso de que o primeiro e/o segundo da Grella saen dende o final da Grella non terán dereito de elección, sendo os pilotos situados na primeira liña da Grella os pilotos con dereito a cambiar a posición.

13.4.4 Quedará pechado o acceso a Grella de Saída cando se teña mostrado a bandeira de cadros ó último participante da serie anterior. A decisión de Director de Carreira pola que se indica que un ou máis participantes non poden acceder a Grella de Saída non é susceptible de reclamación ni posterior apelación.

13.4.5 As grellas de saída serán consideradas como parque pechado. Excepcións:

- a) No caso de avaría estando colocado na Grella de Saída, non se poderá facer ningunha reparación no vehículo que atrase a proba, e o seu posto quedará libre (agás cambiar unha roda), con permiso do Director de Carreira.
- b) No caso que un piloto situado na súa posición na Grella de Saída, non poida poñer en marcha o seu vehículo polos seus propios medios, os Oficiais estarán autorizados a empuxarlle. Unha vez estea en disposición de tomar a saída, o piloto deberá situarse no último lugar da Grella. No caso que o vehículo non poida poñerse en marcha, o vehículo será retirado da Grella e conducido á súa zona de Parque de Traballo.
- c) No caso que un piloto, situado na súa posición na Grella de Saída, sobrevénalle unha avaría, este deberá indicalo aos Oficiais de Grella, que á súa vez o comunicarán ao Director de Carreira, o cal concederá 3 minutos para poder solucionar o problema (cos medios de abord). Unha vez resolto o mesmo o piloto deberá tomar a saída desde o último lugar da Grella. No caso que non poida solucionarse o problema, o vehículo non estará autorizado a tomar a saída e deberá ser conducido ao Parque de Traballo.


13.4.6 A decisión de Director de Carreira pola que se indica que un ou máis participantes deben saír dende o último lugar da Grella de Saída ou non estean autorizados a tomar a saída, non é susceptible de reclamación ni posterior apelación.

13.5 Saídas

13.5.1 As saídas daranse a vehículo parado, motor en marcha.

13.5.2 No Warm-up e Adestramentos Oficiais, darase a saída individualmente mediante bandeira. Se un ~~piloto~~ participante non puidera tomar a saída antes de que o primeiro vehículo da serie chegue o penúltimo posto de control antes de liña de meta, este non poderá tomar a saída.

13.5.3 As saídas nas Mangas Clasificatorias e Finais darase mediante semáforo. O procedemento de saída dará comezo mostrando a todos a todos os ~~vehículos~~ participantes unha bandeira verde ~~dende no inicio da~~ na Grella de Saída procurando que sexa visible para todos os participantes ~~ata o final da mesma~~. Acto seguido, emitírase unha sinal acústica seguida da pancarta de 20 segundos, indicadora do tempo aproximado para tomala saída. Despois mostrarase outra pancarta coa inscrición de 5 segundos, instante no que se encenderá o semáforo con luz vermella que permanecerá acesa entre 1 e 4 segundos antes de apagarse, momento no que se produce a saída. Unha vez apagado o semáforo de saída, o piloto terá 15 segundos para arrancar. Se nese 15 segundos non inicia a marcha non poderá saír a pista e deberá poñerse as ordes dos ~~comisarios~~ Oficiais e retirarse para os Boxes. O deseño da pancarta de sinalización do aviso de saída, será o seguinte:



60 x 40 cm



60 x 40 cm

13.5.4 Haberá saída falsa para todo vehículo que abandone con desprazamento frontal a posición que lle estaba asignada, dende que inicia o procedemento de saída (bandeira verde) ata a apagarse a luz vermella. Neste caso o piloto infractor será advertido, da súa acción, mediante a presentación dunha pancarta cunha F, e o seu número na pizarra. Si esta infracción se produce nunha Clasificatoria ou Final non se parará a carreira, e o piloto será penalizado con DRIVE THROUGH, o cal se aplicará na clasificación. Si a saída falsa é con excesiva antelación manifesta, a penalización será de ~~exclusión~~ descalificación polos Comisarios Deportivos.

13.5.5 No transcurso da proba actuarán XUÍCES DE FEITOS para xulgar as saídas falsas, as penalizacións, e as condutas antideportivas.

13.6 Cronometraxe:

13.6.1 A cronometraxe, Grellas de Saída, e conta voltas, será levado a cabo exclusivamente polo equipo oficial da Federación Galega de Automobilismo, no microbús habilitado ó efecto.

13.6.2 A toma de tempos iniciárase no instante de darse a saída polo Director de Carreira.

13.6.3 Calquera sistema de telemetría está prohibido.

Radio. Todo sistema de radiocomunicación entre o condutor na pista e calquera outra entidade ou persoa está prohibido.

13.6.4 Infórmase, que na tempada 2026, será obrigatorio o transponder, modelos TRANS X260 DP, nas modalidades de Autocross nos Campionatos de Galicia da especialidade; sendo a cronometraxe oficial, co programa "Circuit Pro". O transponder estará fixado con remaches ou parafusos por diante do eixo dianteiro do vehículo a unha altura máxima de 60 cm con respecto á pista e como máximo a 60 cm. do bordo dianteiro do vehículo sen ningún material metálico ou de fibra de carbono entre o transponder e a pista.

Advertencia: Todo piloto que tivera o transponder defectuoso, en Adestramentos Oficiais, en Mangas Clasificatorias e Finais ~~carreira, sen instalar~~, mal instalado, ou sen cargala batería (baixo a súa exclusiva responsabilidade), ~~o Director da Carreira terá que ensinalle a sinal de problemas mecánicos e deberá abandonala manga~~ e será sancionado seguindo o seguinte criterio:

- a) No caso dun fallo de transponder o piloto será advertido por escrito polo Director de Carreira.
- b) No caso dun segundo e sucesivos fallos, o piloto será ~~clasificado nas series das Mangas Clasificatorias, nas Finais B ou nas Finais de carreira segundo a súa posición final mais 3 postos~~; penalizado con un Drive Through.
- c) No caso de que o vehículo non teña instalado o transponder, suporá unha penalización equivalente as infraccións técnicas descritas no art. 11.9 .

Para o computo de segundos e posteriores fallos de transponder teranse en conta os fallos dos Adestramentos Oficiais.

13.6.5 Criterio en fallos de transponder nos Adestramentos Oficiais:

- a) No caso de non marcar ningún tempo, asignaráselle o tempo do peor da Clase sumados 5 segundos.
- b) No caso de ter un tempo propio, asignaráselle o tempo realizado.
- c) En ambos casos, aplicarase o criterio de advertencias e penalizacións descritos no artigo 13.6.4.

13.6.6 As quendas de adestramentos cronometraranse, volta a volta.

13.6.7 Si un vehículo voltea na manga de adestramentos valeralle o tempo realizado, non podendo continuar para rebaixa-lo obtido.

13.6.8 A carreira darase por finalizada unha vez cumpridas as voltas estipuladas no Regulamento Particular (a excepción dos casos previstos no art. 13.11), dando o Director de Carreira a bandeira a cadros a todo participante que pase a liña de meta. Non é necesario cruzar meta para clasificarse, se dous ou máis vehículos quedan parados na pista no transcurso da carreira, e na mesma volta, a efectos de clasificación terase en conta a orde de paso da última volta pola liña de meta, se isto ocorrese na primeira volta, teríamos en conta o lugar que ocupasen na Grela de Saída.

13.6.9 No caso de retraso involuntario na sinalización do fin da carreira, a clasificación establecerase de acordo cas posicións dos participantes no momento de cumprirse a voltas previstas do Regulamento Particular da proba (a excepción dos casos previstos no art. 13.11).

13.7 ~~Adestramentos libres~~ Warm-up:

- 13.7.1 Serán opcionais, formados por series de máximo de 12 vehículos, cada piloto dispoñerá dunha única serie. A serie darase por finalizada no momento que calquera vehículo da mesma completase as 2 voltas ~~sobre a pista e cruce a meta~~ programadas.
- 13.7.2 Para a formación da Grella de Saída das series ~~dos Adestramentos Libres~~ do Warm-up, confeccionarase según o descrito no art 13.8.3.
- 13.7.3 Estas sesións de ~~dos Adestramentos Libres~~ Warm-up poderanse anular ~~por Dirección de Carreira~~ por causas de forza maior, polos Comisarios Deportivos previo informe de Dirección de Carreira.

13.8 Adestramentos Oficiais:

- 13.8.1 Disputaranse dúas sesións de Adestramentos Oficiais, compostas por unha ou máis series de acordo co art. 13.2.2.
- 13.8.2 Tódolos pilotos autorizados a tomar a saída, deberán participar como mínimo nunha das sesións de Adestramentos Oficiais. Cada serie terá un mínimo de 5 vehículos e un máximo de 12 vehículos na Grella á vez, non obstante se na Grella se presentan menos de 5 vehículos, daráselles a saída. Darase por finalizada no momento que calquera vehículo da mesma completase as 4 voltas sobre a pista e cruce meta. ~~Clasificaranse para as Mangas Clasificadorias os 45 mellores tempos.~~
- 13.8.3 Para a formación da Grella de Saída das series Adestramentos Oficiais terase en conta o art. 13.2.2 do presente regulamento e a orde de saída das series confeccionarase da seguinte maneira:
Para a primeira sesión de Adestramentos Oficiais:
 - a) Terase en conta a Clasificación do Campionato na orde ascendente. No caso da primeira Carreira terase en conta a Clasificación Final do Campionato da tempada anterior.
 - b) No caso de que haxa pilotos non clasificados no Campionato, o criterio a seguir será na orde descrita no punto a) e continuando pola orde ascendente do dorsal designado de acordo co art. 12.1 .**Para a segunda sesión de Adestramentos Oficiais:**
 - c) Os vehículos saíran na mesma orde de series pero en orde inversa de dorsais establecida nos puntos a) e b) do presente artigo.
- 13.8.4 As quendas de Adestramentos Oficiais cronometraranse, volta a volta, para cada participante, e o mellor dos tempos obtidos nas sesións de Adestramentos Oficiais, servirá para asignar a posición na Grella da 1º Manga Clasificatoria. No caso de empate entre dous ou máis vehículos no tempo da volta rápida, tomarase como método de desempate, a segunda volta rápida, e así sucesivamente. No caso de perseguir o empate, terase en conta quen a realizou antes.
- 13.8.5 Os Comisarios Deportivos, poderán eximir, da realización dos Adestramentos Oficiais a algún participante, por causa xustificadas de forza maior que lle impidan a realización dos mesmos, ~~ocupando o último lugar na grella que se forme, sempre e cando houberse sitio para el.~~ asignándolle o peor tempo da súa Clase máis 10 segundos. No caso de empates por aplicación de este artigo, desempatará a orde de dorsal ascendente.
- 13.8.6 Se nos Adestramentos Oficiais un vehículo non finaliza unha volta e non se pode obter ningún tempo asignaráselle o peor tempo da súa Clase máis 1 segundo. No caso de empates por aplicación deste artigo, desempatará a orde de dorsal ascendente.

13.9 Mangas Clasificadorias:

- 13.9.1 Disputaranse dúas Mangas Clasificadorias, compostas por unha ou máis series de acordo co art. 13.2.2 e con unha duración de 6 voltas.

13.9.2 A posición dos vehículos na Grella da 1º Manga Clasificatoria confeccionarase segundo os tempos da mellor volta obtidos nos Adestramentos Oficiais de menor a maior (excepto no indicado no art. 13.6.5 a), 13.8.4, 13.8.5. e 13.11.3).

No caso de ter que constituír dúas ou máis series nas Mangas Clasificatorias terase en conta que dous ou máis vehículos consecutivos da clasificación dos Adestramentos Oficiais non coincidan na mesma serie da 1º Manga Clasificatoria.

13.9.3 En cada serie da 1º Manga Clasificatoria clasificaranse aos pilotos pola posición conseguida e outorgaráselle o 1º clasificado 1 punto, o 2º clasificado 2 puntos, e así sucesivamente. No caso de que varios pilotos empaten a puntos estes desempatarán polo tempo dos Adestramentos Oficiais.

13.9.4 A posición dos vehículos na Grella da 2º Manga Clasificatoria confeccionarase ca clasificación da 1º Manga Clasificatoria ordenada de menor a maior puntuación.

No caso de ter que constituír dúas ou máis series nas Mangas Clasificatorias terase en conta que dous ou máis vehículos consecutivos da clasificación da 1º Manga Clasificatoria non coincidan na mesma serie da 2º Manga Clasificatoria.

13.9.5 En cada serie da 2º Manga Clasificatoria clasificaranse aos pilotos pola posición conseguida e outorgaráselle o 1º clasificado 1 punto, o 2º clasificado 2 puntos, e así sucesivamente. No caso de que varios pilotos empaten a puntos estes desempatarán polo tempo dos Adestramentos Oficiais.

13.9.6 Nas Mangas Clasificatorias outorgaranse puntos nos seguintes casos seguindo o seguinte criterio:

- a) Non finalizar a 1º volta: puntos do último clasificado máis 4- 2 puntos.
- b) Non saír nunha serie (que non se presenta na Grella de Saída): puntos do último clasificado da serie máis 8- 5 puntos.
- c) ~~Excluído~~/descalificado: puntos do último clasificado máis 15 puntos.

13.9.7 A suma de puntos obtidas nas Mangas Clasificatorias disputadas determinará de menor a maior puntuación, a orde de paso as Finais. No caso de que varios pilotos empaten a puntos estes desempatarán polo tempo dos Adestramentos Oficiais.

No caso de disputarse só a 1º Manga Clasificatoria a clasificación acumulada desta determinará de menor a maior puntuación, a orde de paso as Finais. No caso de que varios pilotos empaten a puntos estes desempatarán polo tempo dos Adestramentos Oficiais.

13.10 Finais:

Final B:

13.10.1 Disputaranse se houberse un mínimo de 20 vehículos ~~autorizados~~ clasificados de acordo co art. 13.9.7 por Clase a un total de 6 voltas.

13.10.2 Será condición indispensable para disputar unha Final B que existan realmente un mínimo de 6 vehículos na Grella de Saída. Se algún dos vehículos con dereito a participar na Final B non se presentará na Grella de Saída e isto provoca que sexan menos de 6 vehículos os presentados, os Comisarios Deportivos, de acordo co Director de Carreira, poderán decidir se a Final B se celebra ou non. No caso de non celebrarse, clasificarase automaticamente para a Final A aos restantes presentados e que lles toque por orde de clasificación.

13.10.3 As Grellas de Saída da Final B confeccionarase ca clasificación obtida co descrito no 13.9.7. cos vehículos clasificados do 14 ao 28 lugar (incluídos).

Os 2 primeiros clasificados da Final B pasarán a disputar a Final A.

13.10.4 Os Comisarios Deportivos poderán suspender as Finais B, previo informe do Director de Carreira atendendo a causas de forza maior, pasando a disputarse directamente a Final A. Clasifíandose os 15 primeiros pilotos de acordo ao art. 13.9.7.

Final A:

- 13.10.5A Grella de Saída da Final A confeccionarase en función dos vehículos clasificados de acordo co art. 13.9.7, e no seu caso o art. 13.10.3 seguindo o seguinte criterio:
- a) Se hai menos de 20 vehículos clasificados, confeccionarase a Grella de Saída cos 15 primeiros pilotos clasificados.
 - b) Se hai máis de 20 pilotos clasificados, confeccionarase a Grella de Saída cos 13 primeiros pilotos e 2 primeiros clasificados da Final B.
- 13.10.6As Finais A disputaranse a ~~un mínimo de 8 voltas e un máximo de 12 voltas~~ (por cause de forza maior, por luminosidade, nese caso e por acordo do Director de Carreira e Comisarios Deportivos pódese facer a Final a 5 voltas).
- 13.10.7Si a un ou máis pilotos lles resulta imposible tomar a saída na Final A ou B, tendo comunicado oficialmente o seu abandono da competición (mediante folla de abandono) antes da publicación da correspondente Grella de Saída, poderase reclasificar, pola súa orde de clasificación, aos pilotos que queedaran fóra das mencionadas finais A ou B, confeccionando novas Grellas e colocando aos novos clasificados nos últimos lugares da Grella que se formen.
- 13.10.8Se a un piloto lle resulta imposible tomar a saída nunha Final A, a súa praza quedará sen ocupar (excepto art. 13.10.7), e non quedará clasificado na mencionada final.
- 13.10.9Clasificaranse aos pilotos pola posición conseguida e outorgaráselle puntos para o Campionato e/ou Copa de acordo co art. 5.1., sendo o 1º Clasificado o gañador da proba, o 2º Clasificado o subcampión da proba, e así sucesivamente.

13.11 Procedemento interrupción da proba (BANDEIRA VERMELLA):

~~**Caso A:** Se o primeiro participante non completou dous pasos por meta, repetirase a saída tomando como referencia a orde inicial á que se aplicarán as penalizacións puidera haber. Non entrarán máis pilotos e os postos que non se presenten a nova saída quedarán libres. O participante ou participantes causantes da interrupción da proba saíran nas últimas posicións da grella de saída.~~

~~**Caso B:** Se o primeiro participante completou dúas voltas pero non completou mais do 60% da carreira, dáse unha nova saída coa orde do último paso pola liña de meta, a clasificación da segunda saída será a que se terá en conta para a clasificación da manga clasificatoria, Final B ou Final A. O participante ou participantes causantes da interrupción da proba (bandeira vermella) saíran nas últimas posicións da grella de saída.~~

~~**Caso C:** Se o primeiro participante completou o 60% da carreira, darase esta por finalizada, confeccionando a clasificación polo derradeiro paso pola liña de meta. O participante ou participantes causantes da interrupción da proba (bandeira vermella) será sancionado con un Drive Through.~~

~~Nos casos A e B poderán volver a incorporarse todos os participantes da grella inicial que volvan polos seus propios medios. Non poderán volver a grella de saída todos os participantes que recibiran axuda por medios mecánicos (vehículos de rescate, grúas, plataformas,...).~~

~~Nos casos A e B, e a estrito criterio do Director de Carreira, poderase dar saída a grella que está formada na zona de pregrella, e disputar a serie afectada pola bandeira vermella no momento que estime mais convinte para o desenrolo do horario da proba.~~

~~En todos os casos os participantes deberán reducir a velocidade e estar preparados para frear por completo, seguindo as instrucións dos oficiais, e abandonar a pista pola saída prevista en cada circuito.~~

~~Nos casos A e B os participantes dirixiranse o parque de traballo (onde poderán reparar/repostar) para presentarse novamente na pre grella de saída. Soamente poderán volver a tomar saída os vehículos que abandonen a pista polos seus propios medios. Calquera vehículo que se encontre parado antes da bandeira vermella, que reciba axuda non será autorizado a tomar a nova saída. Logo da bandeira vermella montarase a seguinte grella de saída segundo o programa horario da proba, cos participantes que están preparados da pre grella. Os vehículos da manga onde se ensinou a bandeira vermella deberán estar novamente na pregrella de saída no momento en que o Director de carreira mostre a bandeira a cadros o último participante da serie posterior a bandeira vermella~~

Durante o Warm-up

13.11.1 Todos os vehículos deben dirixirse a Boxes.

13.11.2 Non se restabelecerá a sesión.

Durante os Adestramentos Oficiais

13.11.3 Todos os vehículos reducirán a velocidade e deben dirixirse directamente a Grella de Saída seguindo as instrucións dos Oficiais, e tan pronto como sexa posible reanudarase a sesión e completaranse as voltas previstas descontando as voltas realizadas antes do incidente que provocou a bandeira vermella.

- Unicamente serán admitidos a nova saída os pilotos que tomaron parte na Grella de Saída inicial e na orde indicado na mesma.
- Só serán admitidos os vehículos que accedan polo seus propios medios a Pregrella. Aqueles vehículos rescatados ou remolcados por medios mecánicos non serán admitidos.
- Non serán admitidos os participantes que estaban parados ou abandonaran o circuíto no momento que se produciu o incidente que motivou a bandeira vermella.
- Non se admitirán refuelling nin na Pregrella nin na Grella de Saída.
- Causante da bandeira vermella non poderá volver a saír e adxudicaráselle o tempo do participante co tempo máis lento sumados 3 segundos.

Durante as Mangas Clasificadoras e Finais

13.11.4 Todos os vehículos reducirán a velocidade e deben dirixirse a Pregrella de Saída ou ao Parque de Traballo e unha vez solucionado o incidente que provocou a bandeira vermella darase saída a seguinte carreira prevista no Horario, e a continuación darase saída da carreira afectada pola bandeira vermella. O procedemento a seguir varía segundo o número de voltas realizadas polo primeiro piloto, no momento de mostrar a bandeira vermella:

a) CASO A:

Se o primeiro piloto non tiña completadas 2 voltas, repetirase a carreira enteira e os pilotos, seguindo as instrucións dos Oficiais, deben dirixirse ao Parque de Traballo ou Pregrella de Saída segundo o procedemento establecido no Briefing, e a carreira constará da duración prevista inicialmente menos unha volta.

- A saída orixinal non terá efectos. Excepto para os participantes saídos e que non poidan tomar a nova saída que serán considerados na clasificación como saídos sen completar unha volta.
- Unicamente serán admitidos a nova saída os pilotos que tomaron parte na Grella de Saída inicial e na orde indicado na mesma.
- Só serán admitidos os vehículos que accedan polo seus propios medios a Pregrella. Aqueles vehículos rescatados ou remolcados por medios mecánicos non serán admitidos.
- Non serán admitidos os participantes que estaban parados ou abandonaran o circuíto no momento que se produciu o incidente que motivou a bandeira vermella.
- Poderase traballar nos vehículos no Parque de traballo e/ou na Pregrella, así como as excepcións na Pregrella de saída segundo as condicións establecidas neste regulamento nos artigos 13.3. e 13.4. respectivamente.
- Non se admitirán refuelling nin na Pregrella nin na Grella de saída.
- Cada vez que se repita este mesmo caso de interrupción durante a mesma carreira reducirase en 1 volta a duración prevista para a carreira.
- O participante ou participantes causantes da interrupción sairán ao final da Grella. Considerarase participantes causantes aos que, en opinión do Director de Carreira causen un incidente que afecte a outros participantes ou teñan unha actuación propia (sen ser consecuencia doutro piloto, que por acción ou omisión quedase o vehículo parado, incluso se o piloto estivera dentro do vehículo) que provoque a bandeira vermella.

b) CASO B:

Se o primeiro piloto completara as dúas primeiras voltas, pero non chega ao 60% da duración prevista, a carreira disputarase en dúas partes.

A primeira parte da carreira considerarase terminada ao final da volta anterior ao incidente que motivou a bandeira vermella e confeccionarase unha clasificación. Esta mesma clasificación determinará a Grella de Saída

da segunda parte da carreira e, seguindo as instrucións dos Oficiais deben dirixirse ao Parque de Traballo ou Pregrella de Saída segundo o procedemento establecido no Briefing e a carreira constará da duración prevista inicialmente menos o que se celebrara na primeira parte e menos unha volta. A clasificación final desta carreira celebrada en dúas partes (o máis se se repite o procedemento de bandeira vermella), determinarase polo último paso dos participantes pola liña de meta na última parte da carreira.

- Unicamente serán admitidos a nova saída os pilotos que tomaron parte na primeira Saída.
- Só serán admitidos os vehículos que accedan polo seus propios medios a Pregrella. Aqueles vehículos rescatados ou remolcados por medios mecánicos non serán admitidos.
- Non serán admitidos os participantes que estaban parados ou abandonaran o circuíto no momento que se produciu o incidente que motivou a bandeira vermella.
- Poderase traballar nos vehículos no Parque de traballo e/ou na Pregrella, así como as excepcións na Pregrella de Saída segundo as condicións establecidas neste regulamento nos artigos 13.3. e 13.4. respectivamente.
- Non se admitirán refuelling nin na Pregrella nin na Grella de saída.
- O participante ou participantes causantes da interrupción saíran ao final da Grella. Considerarase participantes causantes aos que, en opinión do Director de Carreira causen un incidente que afecte a outros participantes ou teñan unha actuación propia (sen ser consecuencia doutro piloto, que por acción ou omisión quedase o vehículo parado, incluso se o piloto estivera dentro do vehículo) que provoque a bandeira vermella.

c) CASO C:

Se o primeiro piloto completou como mínimo o 60% da duración prevista, a carreira darase por finalizada, confeccionando a clasificación segundo a orde do último paso pola liña de meta anterior ao incidente que motivou a bandeira vermella.

Aplicarase un Drive Through ao participante ou participantes causantes da interrupción.

13.11.5 Considerarase participantes causantes aos que, en opinión do Director Carreira causen un incidente que afecte a outros participantes ou teñan unha actuación propia (por acción ou omisión quedándose no vehículo parado, incluso se o piloto estivera dentro do vehículo) que provoque a bandeira vermella.

13.11.6 As decisións de Dirección de Carreira respecto a que piloto ou pilotos son causantes dunha bandeira vermella e que como consecuencia deben saír dende o final da Grella de saída non son susceptibles de reclamación nin apelación.

13.11.7 Adicionalmente, os Comisarios Deportivos, previo informe de Dirección de Carreira, poderán penalizar ao seu exclusivo criterio, segundo a regulamentación aplicable, a calquera piloto que consideren causante do incidente que provocou la bandeira vermella.

13.12 Publicación de resultados - Chegada – Parque Pechado:

13.12.1 No transcurso da proba as clasificacións e grellas serán publicadas polo Organizador no Taboleiro de Anuncios Virtual de acordo co seguinte criterio:

- Grella de Warm-up e Oficiais
- Resultados dos Warm-up e Oficiais
- Resultados das Mangas Clasificatorias
- Grellas das Mangas Clasificatorias e Finais
- Resultados das Finais B
- Resultados provisionais e oficiais das Finais A

13.12.2 Todas as sesións definidas no presente Regulamento daranse por finalizadas unha vez cumpridas as voltas establecidas no Regulamento Particular (excepto nos casos previstos no art. 13.11). Nese momento o Director de Carreira presentará a bandeira de cadros ao primeiro piloto e a todos os que sigan.

Unha vez pasada a bandeira de cadros, os vehículos deberán dar unha volta de deceleración ata a entrada no Parque de Traballo ou no seu caso no Parque Pechado. Nesta volta de deceleración non se poderá sacar ningún elemento de seguridade do piloto, nin abri-la porta, nin montar a ningún no

vehículo, evitando as reducións bruscas de velocidade, así como os cambios imprevistos de condución que poidan provocar accidentes.

13.12.3 Deberán acceder ao Parque Pechado unicamente os vehículos que participen na Final A, sendo o piloto o único responsable do traslado, estando prohibido efectuar reparacións, calquera avituallamento, manipular calquera parte do vehículo, e os pilotos deberán abandonar o Parque Pechado no momento de que deixen os seus vehículos.

Os Comisarios Deportivos, previo informe do Director de Carreira, poderán eximir aos vehículos de ir a Parque Pechado que por causas excepcionais (ex: un coche con avaría que precise de medios mecánicos para a súa posterior retirada do Parque Pechado).

13.12.4 Ata despois da publicación oficial dos resultados definitivos, nos se poderá sacar o vehículo de Parque Pechado, o levantamento do Parque Pechado decídenos os Comisarios Deportivos podendo facer levantamento parciais no caso de existan vehículos que se encontran en Verificacións Finais.

Dende a publicación Oficiosa haberá mínimo 30 minutos para atendela posibles reclamacións.

13.12.5 Para retiralo vehículo do Parque Pechado, será obrigatorio que sexa conducido, ben polo piloto, ou por un mecánico con licenza de Asistencia en vigor expedida pola FGA.

13.12.6 Como norma xeral calquera infracción ás normas do Parque Pechado supoñerá a descalificación do piloto da Final, e poderá chegar a ~~exclusión~~ descalificación da competición do piloto.

ARTIGO 14: NORMAS A CUMPRIR POLOS EQUIPOS

Ademais das contempladas noutros artigos deste regulamento, pola súa importancia destácase as seguintes:

- 14.1 Os equipos deben comportarse sempre dunha forma compatible co espírito deportivo.
- 14.2 Os vehículos deberán mover polos seus propios medios, quedando polo tanto prohibido empuxar o vehículo no circuíto, so pena de ~~exclusión~~ descalificación da proba.
- 14.3 Os participantes teñen que informar ó Director de Carreira, mediante escrito-formulario presentado ó relación cos participantes, ou o Xefe de Boxes, de que non van tomar parte nunha manga ou no resto da proba, non facelo poderá supoñer a ~~exclusión~~ descalificación da proba.
- 14.4 Estará prohibido, baixo pena de ~~exclusión~~ descalificación, conducir en sentido inverso ó da carreira, co traslado ó Tribunal Galego de Apelación. Só se permitirá mover un vehículo en dito sentido para retiralo dunha situación perigosa e ilo baixo a vixilancia dun oficial de proba.
- 14.5 Cortar o paso intencionadamente, a outro participante, ou calquera manobra de condución antideportiva será penalizado coa ~~exclusión~~ descalificación e traslado ó Tribunal Galego de Apelación.
- 14.6 No caso de que un vehículo se saia da pista, os oficiais poderán prestar axuda ó piloto empuxando o seu vehículo para sacalo dunha situación perigosa, coa condición de que este desprazamento se límite a evacuación do vehículo da pista, e se continua en carreira será descalificado.
- 14.7 Queda prohibido ó piloto recibir axuda de terceiros, baixo pena de ~~exclusión~~ descalificación.
- 14.8 Os pilotos deberán circular con todo o equipamento de seguridade, e mantelo cristal pechado o igual que a reixa da porta durante toda a proba ata abandonar a pista. Baixo pena de ~~exclusión~~ descalificación a serie na que se produza.
- 14.9 Queda terminantemente prohibido circular dentro da zona de Parque de Traballo a unha velocidade excesiva a criterio do Xefe de Parque, así como realizar probas de vehículos en calquera zona do recinto do circuíto, a excepción que o organizador prevexa un espazo a tal fin, feito que deberá figurar no Regulamento Particular. As infraccións a este artigo serán penalizadas a exclusivo criterio dos Comisarios Deportivos.

- 14.10 Cando un vehículo voltee (en adestramentos, ou nas mangas finais, os comisarios deberán volvelo a súa posición primitiva, e retiralo da pista).
- 14.11 No caso de avaría, deberán os condutores sitúa-lo seu vehículo fora da pista de maneira que a súa presenza non constitúa un obstáculo ou perigo para o resto dos participantes, debendo abandonar o mesmo, será obrigatorio co piloto antes de abandonalo vehículo ten que accionalo cortacorrentes.
- 14.12 Queda terminantemente prohibido pararse a menos de 100 m. da liña de meta, so pena de penalización o descalificación, e traslado ó Tribunal Galego de Apelación.
- 14.13 Na parte final da grella de saída deberán situarse unhas sinais (conos). Ningún piloto poderá variar a súa traxectoria na grella de saída ata cruzar as ditas sinais, salvo para evitar unha situación manifesta de perigo para él ou o resto dos participantes. As infraccións a este artigo serán penalizadas a exclusivo criterio de Comisarios Deportivos.
- 14.14 Toda acción de enchido de gasolina, ou aceite, no circuíto, estará prohibida baixo pena de ~~exclusión~~ descalificación, a excepción do Parque de Traballo.
- 14.15 Todo piloto que non se presente ante un requirimento do Colexio de Comisarios Deportivos, será ~~excluído~~/descalificado da proba. As notificacións de citación ós pilotos serán por escrito mediante o Relación cos Participantes e irán por duplicado. Unha das copias será devolta ós Comisarios Deportivos asinada polo piloto dando así por entendido o coñecemento da citación.
- 14.16 Cada equipo deberá dispoñer na súa zona de traballo dun extintor da súa propiedade de 4-6 kg de polvo polivalente con unha eficacia de axente extintor de alomenos de 30-A e 140-B en perfecto estado de uso. A ausencia do extintor suporá unha sanción ~~de 60€~~ a criterio de Comisarios Deportivos. Igualmente todos ós equipos deberán colocar unha lona impermeable na zona asignada ó seu box, co fin de evitar posibles derrames de líquidos sobre o chan. Esta lona deberá ocupar como mínimo, toda a zona de traballo que se necesita para efectuar calquera reparación do vehículo. A ausencia da lona suporá unha sanción de 60€, a criterio de Comisarios Deportivos.

ARTIGO 15: SANCIÓN

- 15.1 Os Comisarios deportivos poderán aplicar a(s) sanción(s) previstas no presente Regulamento Xeral, así como a(s) que, a exclusivo criterio, dispoña(n) en aplicación do CDI ou doutro(s) Regulamento(s) aplicable(s) por infraccións durante todo o desenvolto da proba.
- 15.2 "Incidente" significa un feito ou unha serie de feitos que impliquen a un ou varios pilotos a toda acción dun piloto co Director de carreira/Comisarios deportivos entendan a modo de exemplo, que:
- a) Supoña a interrupción do **Warm-up** ou adestramentos oficiais, mangas clasificatorias ou finais, en aplicación da regulamentación aplicable.
 - b) Constituía unha violación da normativa aplicable (Regulamento Xeral, CDI e anexos, etc.)
 - c) Cometa unha saída falsa ou provoque a dun ou máis vehículos.
 - d) Provoque toques, empuxóns ou colisións.
 - e) Provoque a outro piloto deixar a pista.
 - f) Entorpeza ou impida ilexítamente calquera manobra lícita de adiantamento doutro deportista.
 - g) Adiante ilexítamente a outro piloto con bandeira amarela.
 - h) Desobedeza ou faga caso omiso as indicación, instrucións ou comunicacións dos oficiais ou persoal da proba.
 - i) Cambios de traxectoria susceptibles de molestar a outros pilotos. Nos procedementos de saída os pilotos deberán seguir unha traxectoria recta dende a súa posición de saída e non poderán variar ata superar os bolardos vermellos situados a cada lado da pista.
 - j) En xeral, calquera conducta que por acción ou omisión atente contra o bo orde deportivo que debe presidir no deporte do automóbil e as súas competicións.
- 15.3 Os Comisarios Deportivos poderán aplicar a calquera piloto implicado nun "incidente", unha das seguintes sancións previstas nos regulamentos aplicables:

- a) Advertencia.
- b) Amoestación.
- c) Multa en metálico.
- d) Anulación de tempos dos adestramentos.
- e) Drive through
- f) Adición de puntos.
- g) Penalización en tempo(engadir ao tempo invertido nunha sesión)
- h) Perda de posicións na clasificación.
- i) Perda de posicións na grella de saída
- j) Penalización con voltas.
- k) Descalificación.
- ~~l) Exclusión.~~


- 15.4 De acordo co artigo 12.3.4 do CDI, as penalizacións indicadas no artigo apartados a,b,c,d,e,f,g,h,i,j,k, e ~~l~~ non son susceptibles de ser apeladas, sendo consideradas de carácter directo e aplicación inmediata.
- 15.5 As decisións do Director de Carreira respecto as bandeiras (incluídas bandeira branca/negra, bandeira negra con disco laranxa e bandeira negra) son irreclamables e inapelables.
- 15.6 Non se aceptará en ningún caso os vídeos achegados polos equipos no caso de controversia de opinións ante unha sanción imposta. As únicas filmacións que darán fe dos feitos ocorridos, serán as que aporte o Organizador da Proba coas cámaras fixas postas no circuíto, no caso de ser así. Como excepción, aceptáranse para constatar un erro material, por exemplo un erro nos dorsais.
- 15.7 Os Comisarios Deportivos poderán dar traslado ao Tribunal Galego de Apelación, de calquera información referente a posible implicación dun licenciado nun "incidente".
- 15.8 Aplicación de sancións: No seu caso, a aplicación das sancións comportará a reclasificación dos concursantes afectados na clasificación correspondente, atendendo as voltas, ao tempo total e aos puntos adxudicados despois da aplicación das sancións, que no seu caso correspondan, a cada piloto.

15.9 DRIVE THROUGH

No caso de que un piloto cometa unha infracción ó regulamento o longo da proba, os Comisarios Deportivos poderán sancionar con DRIVE THROUGH.

O procedemento de aplicación da sanción é o seguinte:

Os Comisarios Deportivos indicarán a Dirección de Carreira que se sinalice mediante un cartel con fondo negro no que se mostren as palabras "Drive Through" ou las letras "DT" xunto cunha pizarra co número do vehículo afectado.



Esta sanción consistirá na aplicación directa e inmediata dunha penalización consistente en:

- Adestramentos Oficiais: Anulación do mellor tempo.
- Mangas Clasificadoras: A suma de 3 puntos na Serie que corresponda.
- Finais: A perda de 3 posicións.

No caso de imposibilidade de mostrar a penalización mediante das pancartas deste artigo por calquera motivo de forza maior, a sanción aplicarase igualmente e publicarase tanto no Taboleiro de Avisos da proba como na clasificación que corresponda.

- 15.10 Calquera piloto que o longo dunha mesma proba sexa amoestado dúas veces mediante preavisos de Dirección de Carreira (bandeira negra/branca) e/ou amoestacións dos Comisarios Deportivos, por infraccións a condución deportiva, no momento que se lle mostre a segunda, será sancionado cun Drive Through a aplicárselle na actividade deportiva na que se teña mostrado o segundo preaviso/amoestación.
- Estas penalizacións consideraranse de carácter directo e de aplicación inmediata, e de acordo co art. 12.3.4 del CDI non serán susceptibles de ser apeladas.
- 15.11 Calquera piloto que sexa sancionado con dous Drive Through durante a mesma proba por infraccións a condución deportiva, no momento que se lle impoña o segundo, será sancionado ca seguinte penalización, aplicaráselle na actividade deportiva na que teña sido sancionado co segundo Drive Through.
- Se se cumpre na sesión de adestramentos: anulación dos tres mellores tempos.
 - Se se cumpre nunha Manga Clasificatoria: a suma de 6 puntos na Serie que corresponde.
 - Se se cumpre nunha final: a perda de 6 posicións.
- No caso que un piloto sexa sancionado con tres Drive Through longo dunha mesma proba, por infraccións a condución deportiva, no momento que se lle impoña o terceiro, será sancionado ca descalificación da competición.
- Estas penalizacións consideraranse de carácter directo e de aplicación inmediata, e de acordo co art. 12.3.4 del CDI non serán susceptibles de ser apeladas.
- 15.12 En xeral, as penalizacións notificaranse directamente o concursante implicado ~~e tamén publicaranse nas clasificacións da actividade correspondente~~. No caso das penalizacións de carácter directo e inmediato (Drive Through e similares), ~~notificaranse e publicaranse nas clasificacións de cada unha das actividades deportivas, e sempre que sexa posible~~ notificaranse directamente o concursante implicado.
- 15.13 Os DRIVE THROUGH impostos por saídas falsas e fallos de transponder non terán carácter acumulativo.

ARTIGO 16: RECLAMACIÓNS E APELACIÓNS

- 16.1 Toda reclamación deberá ser presentada de acordo co estipulado no CDI.
- 16.2 Toda reclamación deberá ser presentada por escrito e remitida ó Director de Carreira, xuntando o importe de 1.000 euros, que non será devolto se a reclamación é considerada inxustificada.
- 16.3 Se a reclamación esixise a desmontaxe, o que comezaría tamén a montaxe de diferentes partes dun vehículo, o reclamante deberá depositar unha fianza complementaria de acordo coas Prescricións Comúns da FGA da tempada vixente.
- 16.4 Os gastos ocasionados polos traballos e polo transporte do vehículo serán por conta do reclamante se a reclamación é inxustificada, e a cargo do reclamado cando sexa xustificada.
- 16.5 Se a reclamación é inxustificada e os gastos ocasionados pola reclamación son superiores ó depósito efectuado, a diferenza será por conta do reclamante. Pola contra, se os gastos son inferiores, a diferenza seralle devolta.
- 16.6 O Colexio de Comisarios Deportivos non aceptará en ningún caso os vídeos achegados polos equipos no caso de controversia de opinións ante unha sanción imposta. As únicas filmacións que darán fe dos feitos ocorridos, serán as que aporte o Organizador da Proba coas cámaras fixas postas no circuíto. Excepcionalmente aceptaranse vídeos achegados polos equipos, cando se trate de constatar un erro material manifesto por exemplo un erro nos dorsais.
- 16.7 APELACIÓNS.
- Teñen o dereito de apelación segundo o indicado no CDI. O importe da caución de apelación establécese en 2.500 Euros. De acordo coa normativa vixente en España, o citado importe deberase abonar obrigatoriamente mediante transferencia bancaria ou tarxeta de crédito, ingreso en conta ou talón/cheque nominativo. En ningún caso serán admitidos medios de pagamento que non identifiquen aos redes na operación.

ARTIGO 17: SEÑALIZACIÓN

A sinalización efectuarase mediante o Código de bandeiras descrito no Anexo "H" do C.D.I.

BANDEIRA VERMELLA: Presentada inmóbil, polo Director de Carreira, indica a tódolos pilotos que deben cesar inmediatamente de correr. Esta bandeira é obrigatoria en todos os postos de control.

BANDEIRA NEGRA: Presentada polo Director de Carreira, cunha pizarra cun número anotado, o piloto do vehículo, do número indicado, deberase deter no parque no seguinte paso polo mesmo, so pena de ~~exclusión~~ descalificación.

BANDEIRA BRANCA, E NEGRA DIVIDIDA MEDIANTE UNHA DIAGONAL EN DÚAS METADES: Presentada polo Director de Carreira, cunha pizarra cun número anotado, constitúe un aviso por conduta non deportiva ó piloto do vehículo do número indicado, so pena de penalización.

BANDEIRA NEGRA CON DISCO LARANXA: Informa ó piloto do vehículo do número anotado que o seu vehículo ten problemas mecánicos susceptibles de constituír un perigo para o mesmo, ou para os demais pilotos, e que deberase parar no parque de traballo no próximo paso polo mesmo.

BANDEIRA AMARELA: Perigo. Cando se mostre bandeira amarela estará prohibido facer adiantamentos, dende que se mostre, ata cruzar o obstáculo que se atopa fora da trazada. A criterio do CC.DD., como mínimo será penalizado cun DRIVE THROUGH, ~~ata a~~ podendo chegar ata a ~~exclusión~~ descalificación da actividade correspondente.

DOBRE BANDEIRA AMARELA: Perigo. Cando se mostre dobre bandeira amarela estará prohibido facer adiantamentos, desde que se mostre, ata cruzar o obstáculo que se atopa na trazada. A criterio do CC.DD., como mínimo será penalizado cun DRIVE THROUGH, podendo chegar ata a descalificación da actividade correspondente.

As bandeiras amarelas, deberán de ir acompañadas de carteis sinalizadores recomendando a trazada libre, sendo sempre responsabilidade do piloto a elección de trazada.



BANDEIRA VERDE: Pista libre.

BANDEIRA AZUL: Debe deixar paso ó vehículo que lle sigue e intentar adiantalo.

BANDEIRA BRANCA: Hai un vehículo moito máis lento no mesmo e/ou seguinte sector.

BANDEIRA CADROS: Indica o final de calquera sesión e ondearase ata que todos os vehículos participantes crucen a línea de meta.

O significado destas bandeiras está explicado máis amplamente no Anexo "H" do C.D.I.

ARTIGO 18: ACTAS

18.1 Durante o desenvolvemento da proba, as reunións e/ou decisións dos Comisarios Deportivos reflexaranse nos correspondentes documentos que deberán ser asinados por todos eles.

O Presidente dos Comisarios Deportivos é o responsable do envío á FGA do informe final establecido por esta.

- 18.2 Unha vez feita pública a Clasificación da proba, a Entidade Organizadora disporá de dous días para facer chegar á FGA, as actas de clasificación en modelo oficial, na que consten os vehículos que tomaron a saída e non finalizaron a proba, así como dos contratempos acaecidos.
- 18.3 De mediar reclamación, disporase así mesmo de dous días, a partir do día que se falle a reclamación, no caso de non mediar apelación para comunicalo á FGA.
- 18.4 Ademais, no caso de non mediar ningunha reclamación, a Organización entregará ó Observador da FGA unha copia asinada da clasificación xeral e clasificacións parciais pertinentes, co fin de que este as faga chegar á sede da FGA para poder levar ó día as clasificacións dos diversos Campionatos e Copas de Galicia de xeito oficial e colexiado.
- 18.5 As organizacións remitirán á FGA nun prazo de 3 días, a partir da finalización da proba, un informe no que conste toda a documentación xurdida no desenvolto da mesma.

ARTIGO 19: ORGANIZACIÓN-INSTALACIÓNS

- 19.1 O Organizador deberá prever dun espazo adecuado para a realización das Verificacións Administrativas e Técnicas.
- 19.2 O Organizador deberá prever dun espazo adecuado para a colocación do microbús de Cronometraxe, así como un espazo adecuado para o Colexio de Comisarios Deportivos.
- 19.3 O Organizador deberá prever un sistema de rego eficaz, antes de empeza-la proba, dispoñendo como mínimo de 30.000 litros de auga e con medios mecánicos suficientes (2 cubas). O horario de regadura, así como a súa cantidade, queda a criterio e responsabilidade do Director de Carreira. Recoméndase efectuar un regadío previo o día anterior á proba.
- 19.4 O Organizador deberá prever dos medios necesarios para o mantemento da pista.